

A USC E O CESGA PARTICIPAN NUN PROXECTO EUROPEO PARA DESENVOLVER UN SISTEMA DE FORMACIÓN E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS TIC DE PROFESORADO DE PRIMARIA E SECUNDARIA.

Santiago, mércores 22 de Abril de 2009.- ICTeachers é un proxecto educativo financiado pola comisión europea no marco do programa Lifelong Learning no que participan institucións de Gran Bretaña, Hungría, Dinamarca , Austria e España.

Pola parte española participan no proxecto a área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o Grupo de Investigación en Tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela. O proxecto está coordinado pola institución austríaca Die Berater.

Co proxecto **ICTeacher** abórdase a necesidade de desenvolver un sistema europeo para a formación dos profesores-as no uso didáctico das TIC que repercuta na mellora da calidade dos procesos educativos e no incremento das posibilidades e uso destas tecnoloxías nas prácticas docentes.

Estes obxectivos conseguiranse a través das seguintes accións:

1. Realización dun estudo de investigación detallado sobre o estado da cuestión en Europa: integración das TIC nos centros educativos europeos e formación dos docentes nesta materia.
2. Creación de grupos de traballo e seguimento en cada país integrados por directores de centros, asesores TIC, especialistas en Tecnoloxía Educativa, autoridades educativas e profesores experimentados que asesorarán no desenvolvemento do proxecto.
3. Desenvolvemento do catálogo de competencias (Sylabus) e do sistema de acreditación **ICTeachers**
4. Desenvolvemento do programa de formación **ICTeachers** (semipresencial) que estará integrado por:
 - un sistema de asesoramento,
 - un curso de formación de catro módulos
 - e un sistema de avaliación das competencias.
5. Desenvolvemento dunha plataforma virtual (e-learning) coas ferramentas específicas necesarias para a formación dos profesores e a colaboración dos grupos de traballo
6. Cinco estudos piloto do curso de formación **ICTeachers** (Austria, España, Reino Unido, Hungría e Dinamarca)
7. A difusión e valorización en Europa da proposta **ICTeachers** a través do seu respaldo pola fundación ECDL (European Computer Driving Licence) mediante a súa acreditación como produto específico para docentes no catálogo da fundación e a cooperación coas organizacións Acreditadoras ECDL nos países socios;
 - desenvolvemento de campañas informativas nos países socios;

- A realización dunha Conferencia Internacional de valorización dos resultados;
- A integración do curso de formación **ICTeachers** para a obtención da certificación Europea dentro do catálogo de formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela.

O Grupo de tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela coordina a primeira das accións do proxecto (actualmente en curso) e será responsable de elaborar o informe de investigación sobre o estado da cuestión en Europa en base ao cal se definirá o catálogo de competencias. Na segunda fase do proxecto coordinará o curso piloto **ICTeachers** en España que será certificado por la USC.

Para o desenvolvemento e implantación dos cursos piloto en cada país, a área de e-learning do Cesga, instalou e adaptou unha plataforma de e-learning baseada no software libre Dokeos. Do mesmo xeito, para a xestión do proxecto, a plataforma dispón dun espazo virtual privado no que todos os socios comparten e intercambian información relativa a termos administrativos. Esta plataforma foi seleccionada polo consorcio, entre outros motivos, polo seu carácter intuitivo, a súa sinxeleza, versatilidade e capacidade para manexo de múltiples idiomas.

O CESGA é un centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados que dá servizo á Comunidade Científica Galega, ao Sistema Académico Universitario e ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC). O CESGA promove e difunde o uso de tecnoloxías relacionadas coa sociedade do coñecemento incluíndo: comercio electrónico, e-learning e sistemas de información xeográfica.

Para unha maior información sobre o proxecto, visite a páxina web oficial: www.icteacher.eu